

"OPERACIÓN... N°5



**¡es cabo ortega !
CARIÑO**

SUMARIO

“PERIPECIAS IMPREVISTAS” NO INSTITUTO
A FOLGA CONTRA A LOU
MEMORIA DE ACTIVIDADES
CÓMIC: NA PROCURA DE BIN
ADOLESCENCIA
CRÓNICA DUNA “SAÍDA” (1^a PARTE)
O AMOR PERDIDO
DIVERTIMENTOS DE ECONOMÍA
O ÚLTIMO ADEUS

" PERIPECIAS IMREVISTAS " NO INSTITUTO

¡Vale pibes!, un ano máis xa vai aló e nada , as "incidencias" a novatos seguen a 0, ¿ pero que pasou para chegar a isto ?. A carne consumida durante a crise das vacas tolas i deixou ós veteranos " sen gañas de diversión gratuita ?. A xestión por parte da sala de fumad... que diga de profesores, ¿ limpou as aulas deses " accidentes " ?.

Penso que ningunha das opcións é correcta, a media do novato agora é de 12 anos, con esa idade o asaltante ou " veterano " arríscase a levar un apercibemento, e claro, iso non pode ser, por que aquí hai que quedar ben (ou máis).

Ademais digan o que digan, agora haiche máis diñeiro ca nos tempos das " incidencias ", e claro temos más temas dos que falar, está o " Gran Hermano " , os da " Operación Triunfo ", antes que falar de que e este ou a aquel lle meteron a cabeza no WC (prefiro non falar de ningún dos dous temas, vale ... o segundo , i jejeje !).

As novatadas xa son unha lenda urbana ou vilega, así o empapelamento, o amigo roca ou o colector de lixo xa están xubilados, e claro , a falta de " diversión " nos corredores págase con stress na aula (menos mal que xa chega o verán), e menor rendemento nos exames, i pretádemonos a min, jejeje ! .

Deberíase facer un día conmemorativo delas, con premio para a mellor (as rantxis con trina gañarían seguro), melloraría a convivencia no noso carc... que diga aula. E é que no fondo só se facían para botar unhas risas (como o motivo desta " reportaxe ") . Podes non opinar así, pero... xa sabes o que di o título. Despídome xa que isto chega para unha cara.

BY RaNTxiS&TRiNa

A FOLGA CONTRA A LOU

Aínda que todo o que rodea á LOU está algo "pasado" e xa case nada queda por dicir, como debedes saber, a criticada lei foi definitivamente aprobada e entrará en vigor, se non lembro mal, o ano que vén (...; Temblade os de primeiro!.. jeje). Así que nunca está de máis recapitular e afondar de ser posible un pouqño máis nun tema, que directa ou indirectamente vai afectar a todos aqueles que desexen cursar estudios universitarios.

Desde o comezo do curso en diante ata case a data actual (¡xa estamos rematando!), fomos todos nós testemuñas e nalgúns casos partícipes dunha más que considerable multitud de manifestacións, todo tipo de debates, artigos, enfrentamentos políticos... Sen embargo, a día de hoxe, o 70 % do alumnado, que inclúe a moitos dos que engrosaron as masificacións de protesta en numerosas cidades de España, seguen sen enterarse do VERDADEIRO porqué de tanta revolta, e podo asegurar case con total seguridade que o 95 % dos que se declaran contrarios á reforma educativa nin sequera tiveron a vontade de coller o resumo, xa non digo o proxecto da lei, e botarlle unha ollada.

Atendendo a estes datos, podemos ver que o descoñecemento de causa, senón total, si maioritario, mantívose constante no transcurso de cada unha das diferentes manifestacións, e sobre todo amosouse más descaradamente nos institutos (todos nós sabemos que as folgas son o que son...) Ben é certo que faltar un día a clase, non lle vai mal a ninguén (case debería ser así por lei, ¡jeje !); neste sentido, sendo totalmente criticable, non considero oportuno meterse co comportamento do alumnado (sempre vén ben un diíña de descanso), non querendo isto dicir que aprobe semellante comportamento, senón que simplemente, non é o malo do asunto, aínda que en gran medida desacredita a práctica totalidade das folgas que se poideron levar a cabo.

Para seguir co planteamento, vou supoñer a hipótese nula de que ollarades polo menos o citado resumo do proxecto de lei. No máis que improbable caso de que así fora, poderiades comprobar que contrastando as vosas propias conclusións coas razóns que aduce o sindicato de estudiantes, existe un "pequeno", algo grande diría eu, desaxuste que xa de ningún modo se corresponde co que de oídas moitos estudiantes cren saber. Seguro que xa imaxinaredes como ocorre o fenómeno: un solta unha palabra, esta pasa por centos de bocas, e cando lle chega de volta, se conserva sequera unha das letras xa o fai ben...

... Certo día, falando cun amigo meu que está estudiando 4º curso de Física ("non é tonto o tipo..."), oínlle dicir algo así como que o ano

seiguiente lle ía subir a matrícula o 400% ("ffffiiiuuuu!!..., qué pasada!!!"), o que equivale a uns 42207'08 euros ou 4808'10 (700 ou 800 mil pesetas), e que inda por riba, ía quedar sin bolsa de estudios . Este foi un dos moitos que engrosou as listas dos contrarios á LOU... Tras escoitalo, o primeiro que fixen foi acceder á páxina do sindicato de estudiantes e observar perplexo o fenómeno que mencionaba antes. En canto ás matrículas, a protesta tomaba por base unhas subas do 3%!!! (totalmente esaxeradas, polo que puiden comprobar logo; poñendo sempre o exemplo daquelas carreiras que máis aumentaban de prezo; en tódolos casos moi lonxe daquel desmesurado 400% e sempre más baixas que o IPC, é dicir, igual que a suba que experimentan tódolos anos). No caso das bolsas , en ningún caso se reducían, senón todo o contrario, aumentaban; estando a protesta dirixida ó pouco aumento que se levaría a cabo. (En todo caso, por pouco que aumenten, se aumentan, xa é mellor que antes...) Coma este amigo meu, que con toda a súa boa vontade e dereito, pero tamén coa súa credulidade e inxenuidade, acudiron a toda canta manifestación houbo, centos e centos, miles de estudiantes, protestando como o que más...; pasándoo de medo, iso, desde logo...

O certo é que como dixen antes, se consultaramos o proxecto de lei, veríamos que as carreiras non van subir máis do normal; que as bolsas de ningún xeito se van reducir, senón que van aumentar, como tamén van aparecer todo tipo de préstamos a baixo interese, que se devolven ó rematar a carreira cando un xa traballa; e que se hai algún punto negro que afecte perxudicialmente ó alumno, é quizais a reforma das PAAU (Selectividade), con iso da reválida (que en realidade se convertes nun novo selectivo máis sinxelo e realizado no propio centro, e a mayores, as probas de acceso a cada facultade), e digo quizais, porque se ben van existir máis probas de acceso, por unha parte a reválida vaise realizar cos profesores de sempre - por un exame non vas suspender todo un curso, a non ser que o fagas de pena... - e por outro lado, as probas de acceso a cada facultade non son excluíntes, é dicir, podes facer e repetírlas as veces que queiras indefinidamente (hai que ter en conta que se suspendes o selectivo pasas un ano en branco) Así que tampouco é para tanto...

Pero entón, a pregunta a estas alturas debe ser: ¿ Por que se produciron tantas manifestacións, debates, etc..? ¿Por que se alude a termos como elitista, privatizar...? Uns din que o que en realidade modifica esta lei é o CONTROL da Universidade, que pasa a der máis ESTATAL, máis pública e tenta rematar os estatus de poder intocable que forxan os dereitos engadidos dunha oposición. Preténdese acabar con toda esa xerarquización , restando poder a aqueles que o utilizan no seu propio beneficio. Téndese a rematar con esas cadeas de favores, con esos segredos a voces... Redirecciónase o ámbito administrativo - sobre todo de persoal - que pasa a estar rexido por unha comisión interuniversitaria estatal (formada por profesores de diferentes universidades). Preténdese entón dificultar unha suposta prolongación das dinastías que ostentan o control, que pretenden ensinar sen aprender, sen

pasar sequera polo seu propio filtro... (Pódovos asegurar que non se contan os casos cos dedos das mans...) ¿O resultado? Pois que o talento non é unha cualidae transmisible xenéticamente, e se non hai recambio as máis altas cimas de control dexeneran... Restalle autonomía din!!.

Achácase toda esta mobilización á resposta do profesorado á resta do SEU poder nos círculos universitarios, á decisión do goberno de poñelos un pouco más baixos de onde se atopan (coa reforma e todo, non descenderían moito do ceo...), algo que ó parecer non sentou moi ben. De aí vén a mobilización dos sindicatos.

E nós ¿ que facemos ?, pois acudir a este tipo de folgas sen reflexionar excesivamente. Unha das causas disto son as mensaxes , ás veces contradictorias e sempre distintas , que nos chegan por tó dolos lados . Formar unha opinión que non distorsione a realidade é case imposible, sobre todo a nós, permeables a todo o que nos chega. ¿ Cal é a realidade que nos espera ?, ¿ que postura nos favorecerá máis ?. A verdade é que non sabemos nin nos interesa agora moito. ¡Que hai que ir á folga ! ; pois vaise!. Pero ¿ por que ?. Quizais somos excesivamente xoves para pensar niso, dádenos a última oportunidade de ser inconscientes, de facer o que nos pete antes de cegar á idade adulta. Despois xa non nos será permitido nin polas responsabilidades nin polo sentido común deixarnos levar cara un ou outro lado. Agora aceptamos o que máis nos conviu e nos resultou máis gratificante, pero no futuro este aspecto agradable da existencia probablemente pase a un segundo plano e teremos que actuar con siso, sabendo o que facemos en cada caso e tomando partido por unha das múltiples versións duna realidade poliédrica que nos vai condicionar a vida En definitiva, pensade o que queirades; pero sempre tendo en conta máis que un punto de vista, unha perspectiva... Protestade por vós e non por aqueles que vos miran dende arriba, uns e outros...

MEMORIA DE ACTIVIDADES

Este curso aínda se fixeron ben de cousas. Algunhas xa son "míticas" como diriades vós, e moita mítica hai sempre ó redor da excursión de fin de curso dos de 1º de bacharelato.

Houbo máis saídas coma ás de 4º ás Cies, os de 1º de ESO á Domus e ó Acuario da Coruña, os de 3º ás fragas do Eume e algunha máis.

Tivemos cine en varias ocasións pero o que foi de película foron os cursiños que impartiron membros da Escola de Enfermería de Ferrol sobre actuacións en caso de emerxencia, un curso moi útil e proveitoso, e tamén divertido a pesares de enfrentarnos e preparararnos para situacións más ben dramáticas.

E falando de películas... o día 19 de xuño estrearase unha montaxe espectacular sobre o filmado polos alumnos que durante este curso fixeron a actividade de Medios Audiovisuais. Estades tod@s convidados á súa estrea mundial.

Debuxo: Borja
Argumento: Carlos

CÓMIC



TRA LA MASACRE DOS ATENTADOS DO 11-S, O PRESUNTO AUTOR DOS FEITOS DESAPARECEU SEN DEIXAR RASTRO, SEN EMBARGO VARIAS FONTES APUNTAN QUE SE FAI PASAR POR UN XARDÍNEIRO




**ESTA ESCENA NON
PUIDO SER
REPRESENTADA
POR FALTA DE
PRESUPUESTO.**


NESTA, O QUE SE
SUGEDEN SON UNHA
SERIE DE INSULTOS
ENTRE GALEGOS E
AMERICANOS




OS GALEGOS PARA CELEBRAR A VICTORIA VANSE
A UNHA TASCA





Ó MESMO TEMPO OS AMERICANOS SON REPATRIADOS




OS SUPERHÉROES DESPOIS DA
CELEBRACIÓN QUEDÁBANLES POCAS
GÁÑAS DE BUSCAR A BIN E ÓUVENSE ÁS
PROTESTAS SOCIAIS.





APROVEITANDO ESTA SITUACIÓN, BIN REFÚXIASE NUN PARAÍSO TERREAL



O AMOR PERDIDO

Quérote encontrar,
non te deixo de buscar,
as horas van pasando,
e a noite vaise aproximando.

Xa non quero fumar,
xa non me quero drogar,
tan só quero que regreses e me volvas amar.

Sinto que nada vai cambiar,
sinto que non te vou atopar,
pónome triste,
en ti non podo deixar de pensar.

Por quere rte estou atrapado,
por quererte estou encarcerado,
agora sei que estou realmente namorado.

A noite chegou,
e con ela un soño me atrapou,
quíxente bicar,
pero non te puiden nin tocar,
non quero espertar,
non quero deixarte de contemplar.

Non me vou render,
non te quero perder,
teño que seguir,
pois sen ti non podería vivir.

Non podo fracasar,
non hai fronteira que non poida cruzar.

Os teus beizos bicarei,
a túa meixela acariciarei,
moitas trabas terei que esquivar,
Pero ó final sei que te poderei atopar.

Co teu silencio estasme a castigar,
xa non me queda alento para respirar,
coa túa ausencia estame a destrozar,
e xa non me quedan bágoas para chorar.

PABLO VILLAR MARTÍNEZ

Crónica dunha “saída” (1^a parte)

Flotando no seo do mar escumoso no fondo da intemporalidade...

...O día é calido e luminoso, a brisa agarima tenramente a pel mientras deixá percibir o seu aroma tropical...

Un ilusorio colchón de plástico méceme ó compás dos abalos e debalos das ríbeiras. Sons tropicais e sereas fermosas engaden o punto cálido á escena. Sen embargo, pouco a pouco, esta semella perturbada; o murmurio das paradísicas ondas tórnase atronador e insopportable; a engaioladora visión dunha praia deserta fúndese ó estilo hollywoodiense cunha imaxe desfigurada e aires desafiantes; o estrondo da aterradora arma que porta convida a intuir o alcance do dano que sería capaz de infrinxir. A imaxe cobra ó tempo nitidez e en poucos segundos, antes de volver caer desfalecido logro alviscar unha faciana coñecida; miña nai en pé de guerra, pasando o aspirador ó modo de campaña bélica contra a suciedade. "...¡Limpeza xeral!..." distingo a escoitar . (“boa hora elixes...”).

...A agarimosa serea de cabelo loiro xa comezara a esvarecerse tempo atrás; no seu lugar, un fato de sabas e mantas, mentres a melodía que emanaba harmoniosamente dos seus beizos deixaba paso á afonía crónica dos Gun's & Roses. (“...¡Ese despertador vaise acordar do día en que o fixeron!...”).

De súpeto, o sol a dous metros do meu nariz, a súa luz xa traspasa irrespetuosamente as miñas pálpebras, o aire glaciar, incrivelmente frío, arrincándome a pel dos brazos a tiras, centos de alarmas nucleares actívanse á vez; os bombeiros pasando a todo trapo, operación especial dos G.E.O.S, a terra treme... Arriba!!! -berros furacanados interrompen o meu momento de paz, no paraíso dos soños- A Erguersee!! Son as catro e media!!! Seica queres morrer asfixiado neste tobo!!!! (...Nooooooooon!!...”)

Cinco minutos despois; aínda trasposto, os ollos abertos e ese puñeteiro e incesante piar de oídos (“...un clásico, tras unha noite de “chunda chunda”...”) que me trae de volta á realidade. O cerebro empeza a funcionar (a medias)... Comezo a lembrar; hoxe é domingo... Ós poucos, a corteza superficial do hemisferio esquerdo vaise activando, e coma se de un médium se tratara a miña proxección astral percorre en sentido inverso o tempo e fica na pasada noite, nos feitos que deron en facerme escribir.

...Sábado, once da noite, quizais algo máis tarde; sona o timbre...; "...si, si, quedamos pois, ás e media..." Cena improvisada, un bocata de xamón, calquera cousa. Cambiarse; peitearse, eso sí, unha pouca gomina... Cartos, chaves... ...algo máis??... Non, se fai falla xa se mercará... Nunca se sabe, "...je,je..." ☺

Bar de enfrente, tarde coma sempre, non están alí... Vale , aproveitar e botar unha ollada á “fauna”. Descartando entre a multitud preséntase unha rapaza; idade??.. a miña, quizais un menos, non está mal, non é daquí; loira ollos azuis... boa figura; pero que digo; un figurón!, vaia tipazo!!.. Achégase cun ollar de erizar cabelos; encárame un tempo, "...parece que quere algo..."; é unha boa oportunidade, pero a noite é moi xove, inda non son as 12.

Cambio de estratexia; mirada ó estilo “ mozo Martini”. Xesto desinteresado... “...Chavala, prepárate!... “...A ti deixote para mais tarde!...” Media volta, rebosando chulería... “...esta cae seguro!...” PRIMEIRO ERRO DA NOITE ☺. E PRIMEIRA LECCIÓN: O DA CHULERÍA NON SOE FUNCIONAR

Media hora más tarde, atópoos por fin; “...vamos tomar algo por aí...”. Todos nos expectantes, “fichando”, valorando posibilidades de éxito; “...hoxe está complicado...” “...complicado está para quen non o intenta...” “...tes razón...” . Vale , a todo esto un xa se vai facendo unha idea, pero de súpito aparece unha rapaza, igualiña á que viu en soños; loira, ollos azuis, tipazo, destas que che fan esquecer todo o que viches anteriormente... un comeza a sentirse incómodo e xa se sabe, non vale outra... ten que ser esa. Antes de saír xa un tivo a corazonada de que pasaría isto. SEGUNDO ERRO E SEGUNDA LECCIÓN: CANDO APUNTAS A UNHA DIANA O MAÍS DIFÍCIL É DARLE Ó QUE LLE QUERES DAR.

...Pechados tódolos bares, collemos dirección discoteca. Un comeza a porse nervioso (TERCEIRO ERRO. TERCEIRA LECCIÓN: SE PENSAS QUE ALGO VAI SAÍR MAL, SAIRÁ MAL...) porque se vai achegando o momento... Como sempre, cola criminal á entrada, o que fai presaxiar o abarrotada que vai estar. Cinco minutos más tarde, todos dentro. No medio da pista non se pode mover un brazo sen tirar a outro. A susudita colócase no outro extremo. O primeiro problema é chegar ata alí discretamente. A primeiragota de suor esvara pola fronte, e a desesperación comeza a apoderarse de un, mentres a conciencia repite “...tranquilidade, todo é cuestión de estratexia...” De repente, un lembra aquela partida ó Age of Kings na que derrotou ó rival cunha manobra envolvente atacando pola retaguardia. “...Sí, eso farei!!...” CUARTO ERRO. A VIDA NON É UN XOGO DE ORDENATA. SE SAE MAL A XOGADA, MORRES DE VERDADE :-(aínda que sexa figuradamente :-))

...Unha hora más tarde, un logra por fin chegar ata alí, espalda contra espalda.(dá a sensación de que van saltar os sistemas antifume -lémbrese un, daquel anuncio da colonia, ¿ou era dun desodorante? a mente non está para estas agora- ☺). Preséntase entón o segundo problema; un bunker infranqueable de amigas ó redor (“...como se non fora xa o suficientemente difícil facer as cousas como para engadir dificultades...”). Isto si que é complicado... Queda esperar ata que saia dalí... Mentre, dá tempo de botar unha ollada ó ambiente. Xente, máis xenté, todos apelourados; símil daquelas bolas de plastilina que faciamos en parbulitos; mozas pasando para diante e atrás mentres todo tipo de “estrategas do magrelo” como diría Sabina, desenvolven as súas tácticas do modo máis discreto, provocando algunha que outra mirada asasina a quen non se entera do asunto. (Ás veces chega a haber ata contacto físico "...plássss...", ó que sucede unha estraña reacción que ilumina en vermello e anestesia a face dalqún que outro) jeje. LECCIÓN CINCO: TENTA NON ESTAR NO LUGAR EQUIVOCADO NO MOMENTO EQUIVOCADO.

Por fin á tipa deulle por ir ó baño; soe pasar cinco uo seis veces na noite; Quén sabe que farán... Chegou o momento; cando volva... zasss!!

Pero entón aparece por aí un amigo teu que andaba descarrido, a botarche unha parrafada... e ala!, fastidiouse a historia. Pensas en esperar un cacho máis a ver se volve ó baño, pero... se xa son as tantas... pfff. Hai que irse... menuda perda de tempo...

...Cara de circunstancias, exasperación evidenciable, frustrados tódolos intentos...; todo perdido, pero... A moza que vira no bar!!; a que reservara para logo!!...; outra vez a seu ollar e sorriso electrizantes, e os niveis de adrenalina volven poñerse a cen. A tipa segue por aí soa, pero con semellante descarga estimulante, surxe outra vez a chulería inicial e volta; pase maestro, xesto desinteresado. Ollar “mozo Martíni” e saída triunfal, “...Olé touro, pola “porta grande”...!” convencido de que a tipa esa caería seguro “...Si..., son o mellor!!... Nen sequera tiven que falarlle!!”...OUTRO ERRO MÁIS, XA PERDÍN A CONTA... ☺

Pero cando xa un cruza a porta e reflexiona, a alegría torna pouco a pouco en sentimento de estupidez. “...Pero serei burro...!!” E é capaz de quedarse esperando media hora á porta, para ver se unha milagre provoca “unha rotura nas dimensíons espacio-temporais” e sae de novo a tía de antes, para finalmente, ó non saír como é lóxico, voltar á casa, tirarse na cama e esperar que en soños as cousas non saian tan mal... , conservando a cara de tonto toda a semana, tentando facerse crer a si mesmo que isto lle vai reportar algún beneficio, como por exemplo ensinarlle todo o que non se debe facer para ligar cunha tía. Repetindo unha e outra vez, incesantemente, que de seguir así, en pouco tempo, xa un chegará a ser experto...☺

Nota: Isto non é máis que unha historia construída a partir de historias e lendas urbanas que a un lle chegan de oídas; que non leve a enganos. E unha frase que tomo dun artigo do meu amigo Fachal (O que cremos saber do que pensan as mulleres) - Golfiño nº 3 / ano 2000 -: "Calquera parecido coa realidade é producto da pura coincidencia" ☺

Nota 2: Se se titula Crónica dunha saída 1^a parte non é por que eu vaia escribir unha segunda, senón porque vós sodes os que tendes que facelo... Veña, animádevos para o seguinte periódico!. ☺

Israel Iglesias de 2º BACH B

ADOLESCENCIA

É indescritible, no sentido de que existen persoas que nesta etapa perden ou, máis ben forman o que se coñece como personalidade; que áinda que ás veces a poidamos considerar inamobilable, non é así. Mentre a constitúen, as mesmas, toman certas actitudes de adhesión, de cara ó que os demás, con ou sen carácter fan; nesta situación sempre hai un líder, un individuo que é maioritariamente aceptado dentro do que se converte no seu entorno, e quén sabe por qué calidades.

A adolescencia tamén é mostra das diversas formas de ser, que normalmente rozan os extremos, xa que os que se atopan no medio, ante a imposibilidade de adoptar unha postura propia, derivan á tomada polas masas, non obstante non hai que pensar que estas agrupacións son homoxéneas, posto que cadaquén está condicionado por unha serie de circunstancias que o fan ocupar un posto e non outro dentro da xerarquía do conxunto.

Isto non é unha fantasía, senón unha realidade parcial condicionada por un mero punto de vista, que áinda que por moitos poida ser considerado como falsidade, é o que unha persoa que se cre un adolescente pouco convencional pensa sobre o tema.

Todo o mundo ten diferentes formas de ver a vida, algunas más afins ca outras, pero debemos respectalas todas.

Os adultos falan do adolescente como dalguén inseguro en fase de experimentación (o cal é certo), pero ¿acaso estamos seguros de todo ou sempre aprendemos de nós mesmos?.

A xente atravesa diferentes fases do seu propio eu que o van configurando como un ser algo distinto ós demás.

Patricia Pita, 1º BACH

DIVERTIMENTOS DE ECONOMÍA

CAPITALISMO TRADICIONAL:

Tes dúas vacas. Vendes unha e compras un touro. O teu rabaño multiplícase e a economía medra. Vendes e xubílaste cos beneficios

CAPITALISMO ENRON:

Tes dúas vacas e vendes tres delas á túa empresa pública utilizando un crédito que pediu un cuñado teu ó banco , executas entón un cambio de débeda por bens cunha oferta xeral asociada, de forma que volves recibir de volta as catro vacas, pero cunha exención de impostos por cinco . Os dereitos sobre o leite das seis vacas transfírese mediante un intermediario a unha compañía das Illas Caimán que , en realidade, pertence á maioría dos accionistas que venden os dereitos das sete vacas de novo á empresa pública. O informe anual di que a compañía ten oito vacas, con opción a unha máis. Vendes unha para mercar un novo presidente dos Estados Unidos, co que che deixa nove vacas.Non se proporciona un balance coa oferta pública de accións. O público compra o teu touro.

CORPORACIÓN AMERICANA:

Tes dúas vacas , vendes unha e forzas á outra a producir o leite de catro. Sorpréndeste cando morre extenuada.

CORPORACIÓN FRANCESA:

Tes dúas vacas e poste en folga porque queres tres.

CORPORACIÓN NIPONA:

Tes dúas vacas e rediseñas para que teñan a décima parte do seu tamaño e produzan vinte veces máis leite. Creas entón unha serie de debuxos animados chamada " Vaqueiros " e véndela a todo o mundo.

CORPORACIÓN ALEMANA:

Tes dúas vacas e fasles unha re-inxeñería para que vivan 100 anos, coman unha vez ó mes e se muxan elas mesmas.

CORPORACIÓN INGLESA:

Tes dúas vacas tolas.

CORPORACIÓN ESPAÑOLA:

Tes dúas vacas , non sabes onde están e vas tomar café

CORPORACIÓN RUSA:

Tes dúas vacas, cóntalas e chegas á conclusión que tes cinco, vólvelas contar e pensas que son 42. Deixas de contar e abres unha botella de vodka.

CORPORACIÓN SUÍZA

Tes cinco mil vacas ainda que ningunha túa pero cóbraslle ós donos por gardalas.

CORPORACIÓN HINDÚ:

Adoras ás vacas que teñas.

CORPORACIÓN CHINESA:

Tes dúas vacas e 300 persoas muxíndoas. Fachendéaste de non ter ningún parado, alta produción bovina e arrestas ó xornalista que publicou as cifras.

CORPORACIÓN CUBANA:

Fidel ten dúas vacas.

¡NOVO! CORPORACIÓN GALEGA:

Tes dúas vacas que non son só túas pois parte delas pertence á familia . Ningún chas compra porque a xente cre que a carne está contaminada e tampouco as podes muxir porque sobrepasaches a cota láctea. Observas abraiado que os teus veciños compran no supermercado leite francés.

O ÚLTIMO ADEUS

Puxéronme o nome de María Dolores Paz o 25 de agosto de 1984. Tiven unha infancia, o que se pode dicir, bastante feliz ata os 10 anos. O significado da palabra “feliz” como todo o mundo sabe é bastante subxectiva, pero eu quería definir como como unha infancia, o que se di, normal, sen ningún tipo de problemas. Nunca me faltou de nada, áinda tiven más cousas das que meus pais se podían permitir comprarme.

A miña nai, Dolores, sufriu un accidente de coche cando viña do traballo. Un conductor borracho cruzóuselle polo camiño e deixouna vexetal ata tal día como hoxe. Supoño que para unha nena de 10 anos, iso non é fácil de entender, e menos cando che din o de... “Túa nai non está morta, pero tampouco está viva”. Pero o verdadeiro afectado neste asunto foi meu pai.

Tódolos días nada máis chegar á casa, meu pai, estaba sentado ollando a televisión, sen nin sequera parapadexar, non comía, non durmia, non quería nin ir traballar... a casa era unha auténtica pocilga e tódolos días igual. E non llo perdoou, non lle perdoarei nunca o que me fixo pasar, ter que ir á escola, limpar a casa, facer a comida... todo iso é demasiado para unha nena de 10 anos, pero empecei a acostumbrarme, a rutina de limpar os vómitos do meu pai cando bebia, que cada vez era mais frecuentemente, ata chegar a ser tódolos días a tódalas horas.

Pouca xente sabe o que é terlle medo ó seu pai coma eu llo tiña a el.

Cumpridos os 14 ano decidín irme vivir coa miña avoa. Miña avoa era unha muller de 72 anos, xa ía velliña, pero nada era peor que vivir co inferno do meu pai.

Ás veces ia visitar o meu pai, pero sempre o encontraba no mesmo estado e decidín non volvelo visitar e non falarlle máis, áinda que flotara na merda e nos seus vómitos.

Pasaron os anos e eu seguíun a miña vida o mellor que puiden, a verdade é que era, o que se pode dicir, más ou menos feliz. Tiña un mozo moi bo e unhas amigas envexables.

Tiven que empezar a traballar e a gañar a vida moi pronto, pero iso non me impedía seguir coa miña xuventude. O meu primeiro traballo foi o de dependente dunha tendiña de roupa; non gañaba moito, pero coa mensualidade que me mandaba o meu pai, os pequenos aforros da miña avoa e os cartos da tenda dábanos para vivir moi humildemente.

Parecía que as cousas cada vez ían mellor e empecei a namorarme do meu mozo. Fantaseaba a tódalas horas sobre o noso futuro xuntos: cantos fillos iámos ter e a casa que iámos comprar no campo.

Levábame 4 anos, eu tiña 16 e el 20, pero a verdade é que non me preocupaba o máis mínimo a diferencia de idade, o único que me inquietaba un pouco era o de perder a virxinidade, pero estaba segura de que esperaría, posto que xa mo pediu e seguín esperando.

Pasaban os meses e a miña avoa comunicoume que a miña nai morrera definitivamente, cousa que non me afectou o máis mínimo posto que xa estaba más que mentalizada da súa morte, pero á miña avoa non lle afectou tan pouco como a min posto que tivo unha especie de infarto que xa era perigoso de más para a súa idade. Non quedou nada más ca nun susto, e gracias ó meu mozo Xoan, que me apoiou en todo momento, levei más ou menos con serenidade este tema.

Durante a ausencia da miña avoa, quedei a dormir no seu apartamento porque non quería que estivese soa, e a verdade é que, se non chega ser por el, acabo metida nun psiquiátrico.

El era moi cariñoso comigo, e sentíme por primeira vez dende o accidente da miña nai querida de verdade, perdín ese medo que tiña por perder a virxinidade. A verdade é que non sei de dónde procedía ese medo, xa que cría que foi perfecto.

A saúde da miña avoa empeorara un pouco e eu vexome incapaz de facer nada.

Non me sentía moi ben, doiame o ventre e a cabeza, e cada vez eran más frecuentes as arcadas.

Non sabía o que me pasaba pero cada vez sentíame peor. Non sei como se me ocoreu ir á farmacia facelo test de embarazo, supoño que por precaución. A verdade é que non tiven tempo de facerlo nunha boa tempada. O empeoramento da miña avoa foi tal que tiven que irme quedar

no hospital uns días. Xoán ía facerme compañía ás veces cando saía de traballar, e gracias a Deus, pois o aburrimiento chegou o límite de ser insoportables.

Decidín ir á casa da miña avoa collar máis roupa para levala á casa de Xoán e, por fin, fixen o test de embarazo.

Seguín as instruccóns paso a paso e deixeino un minuto como poñía.

A dúbida xa estaba confirmada, ¡estaba embarazada!.

Volveume esa estraña sensación de cando tiña os 10 anos e invadiume outra vez a soidade.

Non sabía cómo contarxo a Xoán, non sabía cómo llo ía contar e a miña avoa non se podía enterar, ou daquela si que o empeoramento non ía ter remedio.

De camiño ó seu apartamento ía pensando como contarxo, como dicirxo o máis suavemente posible, e cando cheguei, borráronseme as cousas da mente e empecei a chorar como unha tola.

El abrazoume e preguntoume se era pola miña avoa e eu díxelle que non, que era porque estaba embarazada.

Soltoume, botoume da súa casa e díxome que non quería volver a verme en toda a súa vida.

Non o podía crer, non podía crer cómo me puido facer iso, e sigo sen crelo.

Volvín para a casa da miña avoa e pasei a noite en vela chorando e pensando o que ía ser da miña vida... e do meu fillo. Pero as malas noticias non facían más que empezar.

A iso das 4 da madrugada chamáronme do hospital e comunicáronme a horrible noticia que tarde ou cedo todos esperabamos: ¡miña avoa acababa de morrer!

Eu xa non podía máis, pero o que acabou por levarme ó suicidio foi a noticia de que tiña que ir vivir co meu pai.

Non fixen nada, a miña reacción foi máis imprevisible de todas cantas hai neste mundo.

Xa non me quedaba ningunha lágrima máis, por iso decidín subir ó faiado, onde sabía que o meu difunto avó gardaba as cousas de caza, collin a escopeta e púxena enriba da mesa na que estou agora e púxenme a escribir esta carta.

Xa sei que moita xente cre que suicidarse é cousa de covardes, e non o discuto, pero gustaríame ver a esa xente na mesma siuación ca min a ver se serían tan valentes de vivir unha vida che dea desgracias como a miña, ou acabar dunha vez por todas e olvidarse de todo canto antes posible.

Supono que se alguén está a ler esta carta é porque logrei o meu obxectivo, pero nin sequera sei se me vou a atrever, xa que asegúrovos que non é nada fácil.

Disculpen as molestias

O derradeiro adeus

DIANA RODRÍGUEZ
4º ESO

IES CABO ORTEGAL

Equipo de Normalización Lingüística

CARIÑO